

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA NOS NÚCLEOS DE SOBRADELO E A MEDUA E CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA, CORRESPONDENTE AO 1.º CUADRIMESTRE DE 2022

Exposición pública do padrón cobratorio da taxa do servizo de subministración de auga nos núcleos de Sobradelo e A Medua e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao 1.º cuadrimestre de 2022

Por Resolución da Alcaldía do 12 de abril de 2024, ratificada por Acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2024, aprobouse o padrón cobratorio correspondente ao 1.º cuadrimestre de 2022, pola taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga aos núcleos de Sobradelo e A Medua e o canon da auga da Xunta de Galicia.

O devandito padrón, que comprende os suxeitos pasivos, o feito impositivo e a débeda tributaria, expónse ao público nas oficinas deste concello, durante o prazo de 1 mes, que contará a partir da súa publicación deste anuncio no BOP, co fin de que os/as interesados/as o poidan examinar e presentar as alegacións ou reclamacións que consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro xornal por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións contidas nel, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de exposición pública do padrón, de conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; contra a desestimación expresa ou tácita do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, nos prazos e condicións reguladas na Lei de xurisdición contencioso administrativo; o recurso de reposición será perceptivo á interposición do recurso contencioso-administrativo e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, salvo que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Período de pago en voluntaria: o período de pago en voluntaria establécese en dous meses, a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP; unha vez transcorrido o período de pago voluntario, as débedas serían esixidas polo procedemento de prema coas recargas correspondentes, así como os intereses de demora e demais gastos que procedan.

Lugar e forma de pago: os/as contribuíntes que non teñan domiciliado o cobro da taxa de subministración de auga e canon da auga da Xunta de Galicia recibirán no seu domicilio o recibo correspondente, que deberán aboar dentro do prazo establecido como período de pago en voluntaria en calquera das oficinas de Abanca. Os/as contribuíntes que non reciban os recibos dentro do período de pago en voluntaria deben dirixirse ao Concello de Carballeda de Valdeorras ou a Aquaourense Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, a quen a Deputación encarga a xestión de Cobro/Facturación dos recibos da taxa de subministración de auga dos núcleos de Sobradelo e A Me-





dua e cobro do canon da auga da Xunta de Galicia. O feito de non recibir os recibos non exime da obrigaón de efectuar o pago, no período de pago en voluntaria.

De conformidade co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, advírte-selles aos/ás contribuíntes que a falta de pago do canon da auga no período voluntario de pago supoñerá a súa esixencia directamente ao/ás contribuínte pola vía de prema pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde a publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Carballada de Valdeorras, 24 de maio de 2024. A alcaldesa.

Asdo.: M.^a Carmen González Quintela.

R. 1.395

